



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xornada sobre a contabilidade nacional nas administracións locais: as regras fiscais

**CONVOCATORIA:** Xornada sobre a contabilidade nacional nas administracións locais: as regras fiscais.

**GRUPO:** Economía Pública (Cursos Superiores e Xornadas)

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	8
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	LOCAL	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2023
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 27/11/2023 - 09:00h ao 28/11/2023 - 23:59h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo desta xornada é, por unha banda, analizar en profundidade o réxime das regras fiscais para o seu correcto cálculo, que se lle debe remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, e por outra, analizar o réxime da débeda pública e os requisitos para poder endebedarse.

### DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local de Galicia con habilitación de carácter nacional que pertenza á subescala de intervención-tesouraría e secretaría-intervención, así como ao persoal técnico das entidades locais de Galicia que realice funcións relacionadas co contido da xornada.

### PROGRAMA

Das 9:00 ás 13:00 horas:

1. O cumprimento dos limiares da débeda pública.
  - Determinación do perímetro de consolidación.

Das 13:00 ás 14:00 e das 16:00 ás 18:00 horas:

2. Cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás administracións locais. Axustes de contabilidade nacional:
  - Axuste por recadación de ingresos
  - Axuste por liquidación na participación dos tributos do Estado
  - Principio de devindicación e conta 413
  - Axuste polo principio de devindicación dos intereses.
  - Axustes polas subvención de outras administracións públicas
  - Axustes por reintegro e execución de avales.
  - Outros axustes.

Das 18:00 ás 19:00 horas:

3. A regra do gasto.
  - Cálculo e axustes SEC 2010

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas, de acordo co establecido nas bases segunda e quinta da convocatoria para as persoas destinatarias e inscrición, respectivamente.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Unha vez formalizada a inscrición a través da área de matrícula da EGAP, todas as persoas solicitantes deberán enviar ademais, antes de que finalice o prazo de inscrición, un correo electrónico dirixido a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) e achegar calquera tipo de documentación (cabeceira de nómina, toma de posesión, nomeamento, certificado asinado por quen corresponda...) en que figure e se acredite que a persoa solicitante cumpre os requisitos indicados na base segunda (persoas destinatarias) da convocatoria: persoal e/ou funcións relacionadas.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 01/12/2023 a 01/12/2023

**NUM. PRAZAS:** 286

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

Vicente José Calvo del Castillo

### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**AULA 1 (COLMEIRO):** O día 01 de decembro de 09:00 a 14:00. O día 01 de decembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA